



## **EXPEDIENTE Nº 4091/2024**

### **BASES DE FUNCIONAMENTO DOS POSTOS DE VENDA, TÓMBOLAS, CASSETAS OU ATRACCIÓNS DE PORRIGALIA 2024**

A Concellería de Festexos do Concello do Porriño convoca as festas de PORRIGALIA 2024 para os días 12, 13 e 14 de xullo de 2024. A finalidade destas bases é establecer os requisitos, pautas e condicionantes que se deberá cumprir para poder participar durante a celebración deste festexo.

#### **I.- HORARIOS E LUGAR DE CELEBRACIÓN**

As festas de PORRIGALIA 2024 celebraranse os días 12, 13 e 14 de xullo de 2024. Os postos de venda e “Atraccións” poderán estar abertos ao público de 10:00 a 02:00 horas. Non se permitirá a apertura de ningún posto na rúa fóra do horario establecido.

Os postos estenderanse naquelas localizacións asignadas polo Concello do Porriño.

Non se permitirá o asentamento de ningún posto nin a venda ambulante de ningún produto fóra do recinto establecido pola organización.

#### **II.- POSTOS DE VENDA E “ATRACCIÓNS”**

O tipo de postos que se poderán establecer son os seguintes:

1. Postos de venda de produtos varios.
2. Postos de degustación e venda de comidas. Estes postos son aqueles de venda de comida e bebida. A organización decidirá de forma excepcional a distribución dos postos de rosquillas.
3. Barracas, tómbolas, casetas para espectáculos ou atraccións.

En todos os casos se deberá indicar o tipo de produtos que se van vender ou ofrecer para poder indicar o lugar máis axeitado dentro das localizacións asignadas polo Concello.

Os postos de comida que dispoñan de cociñas, bombonas, asadores, grellas, brasas ou substancias inflamables deberán estar protexidos, xa que poden supoñer un perigo para as persoas. Será obrigatorio que eses postos conteñan un extintor homologado e en bo funcionamento de po seco de 6 K. Deberá contar cun xerador de enerxía propio co fin de poder desenvolver a súa actividade. A organización non se fai responsable dos danos ocasionados por este tipo de instalacións.





Todos os postos de degustación de comida e bebida deberán cumprir as normas básicas de seguridade e hixiene.

Todas aquelas persoas que manipulen alimentos ou bebidas estarán en posesión do carné de manipulador ou manipuladora de alimentos.

Todas as “Atraccións” deberán achegar a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI/NIE (persoa física) ou CIF (empresa) da persoa interesada. No segundo caso, presentar documento que acredite a representación que ostenta, cando actúe como representante.
2. Plano de situación, indicando a localización exacta de reserva que se solicita a escala 1:100
3. Póliza de seguro de responsabilidade civil e o último recibo de pagamento desta.
4. Permiso de delegación de industria (ITV) ou certificado.
5. Permiso de enganche de enerxía eléctrica da empresa provedora.
6. Recibo da Seguridade Social dos/das traballadores/as que traballen na atracción, montaxe, desmontaxe, mantemento e atención (TCS, autónomos ou altas).
7. Seguro de accidentes

Unha vez aceptada a solicitude requirirase tamén un informe expedido pola empresa autorizada (homologada) que exprese a correcta montaxe da atracción na parcela designada polo Concello do Porriño.

### III.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

A solicitude de inscrición (**Anexo I**) poderá descargarse na páxina web do Concello do Porriño ou no Rexistro do Concello desde a publicación destas bases ata o 8 de xullo de 2024.

A documentación que se deberá achegar xunto coa solicitude, ademais da complementaria no caso de “Atraccións” é a seguinte:

- Copia do DNI ou CIF, segundo o caso.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos, se é o caso.
- Xustificante de que a sociedade/autónomo cumpre coa normativa laboral en referencia aos/as traballadores/as que van atender o posto, se é o caso.
- Xustificante de alta no IAE.
- Póliza e recibo de pagamento do Seguro de Responsabilidade Civil, que debe cubrir a súa participación no Mercado.
- Declaración responsable de estar ao corrente de pagos no Concello do Porriño, na Axencia Tributaria Estatal, na Seguridade Social e Axencia Tributaria Galega.
- Rexistro sanitario e copia da documentación que acredite estar autorizados/as para a elaboración e manipulación de alimentos, se é o caso.





Toda a documentación requirida será entregada no Rexistro xeral do Concello do Porriño ou a través da sede electrónica deste Concello desde a publicación destas bases ata o 8 de xullo de 2024. Entenderase que está presentada cando vaia completa a documentación e non sexa necesario realizar ningún requirimento. As solicitudes realizadas a partir desta data non serán autorizadas.

Cuberta a solicite facilitada e presentada a documentación, esta será revisada pola persoa responsable do Concello para ver se cumpre con todos os requisitos esixidos para a celebración. Unha vez aceptada procederase a asignar a localización do posto. Esta responsabilidade quedará a cargo do Concello do Porriño.

Rematado o prazo de inscrición e confirmada a aceptación do posto, os/as interesados/as formalizaran o correspondente pago de taxas previsto na ordenanza municipal en vigor no ORAL (Deputación Provincial de Pontevedra).

Queda totalmente prohibido o aluguer ou cesión a terceiras persoas dos postos/espazos asignados.

A ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos ambulantes situados en terreos públicos, así como industriais, estipula as seguintes cotas de aplicación:

Postos para a venda de xéneros e calquera outro na vía pública do núcleo urbano		1.32 €/m <sup>2</sup> día
Barracas, tómbolas, casetas para espectáculos ou atraccións	Ata 25m <sup>2</sup>	3.51 € día
	Por cada m <sup>2</sup> máis	0.34 € día

O pagamento farase no ORAL e os xustificantes de pago serán entregados no Concello do Porriño antes do 12 de xullo.

#### IV.- MONTAXE DOS POSTOS DE VENDA

O horario da montaxe será entre as 8:30 e as 10:00 horas.

Todos os postos deberán estar totalmente localizados e preparados para a hora de comezo das actividades das festas. Non se poderán ampliar os postos con mesas adicionais ou plataformas, toldos etc.

O Concello do Porriño instalará unha carpa a aquelas persoas que así o soliciten, por rigorosa orde de entrada no Rexistro municipal e segundo a dispoñibilidade do Concello.

Durante o desenvolvemento da festa quedará prohibida a entrada e saída de vehículos non autorizados, así como a colocación de obstáculos dentro da zona de celebración dos distintos eventos.





A licenza debe estar exposta nun lugar visible durante todo o tempo de ocupación.

Os servizos técnicos do Concello poderán comprobar que as ocupacións efectivamente realizadas polas persoas concesionarias das licenzas, de ningún xeito excedan os seus límites, tanto no que se refire á superficie coma ao tempo de ocupación.

Os aparellos de feira poderán ser obxecto de inspección polo persoal que designe o Concello, en calquera momento e durante toda a vixencia da autorización para postos e atraccións da festa.

En caso de producirse algún accidente nas atraccións, estas paralizarán a súa actividade ata que o persoal técnico autorizado polo Concello garanta que se reúnen todas as normas de seguridade para o normal desenvolvemento da súa actividade.

A contextualización será de calquera das seguintes épocas: Romana, Exipcia, Grega, Castrexa ou Gala.

## **V.- MERCADORÍAS E OFICIOS**

Queda totalmente prohibida:

- A exposición e presenza de animais vivos.
- As vendas de produtos fóra da época, soamente se admitirán produtos como mel, noces, rosquillas, carne cocida ou frita, patacas, pan, filloas... sempre contextualizados; polo que se prohiben máquinas expendedoras de flocos de millo ou churros.
- A utilización de utensilios de cristal.
- As mesas e cadeiras plásticas, as mesas deberán estar cubertas con mantel de cor granate ou negro, non se admitirán outras cores.

Canto aos oficios, soamente se admitiran produtos da época, feitos a man (barro, aneis, pulseiras, colares, teas cosidas ou bordadas, cerámica, tellas, vimbios, xabóns, colonias, sementes, licores...).

Será obrigatorio que todos os vendedores e vendedoras vaian caracterizados con traxes da época romana, exipcia, grega, castrexa ou gala. O non cumprimento deste artigo será motivo para a retirada do posto.

## **VI.- VENDEDORES/AS**

Unha vez rematadas as festas, na noite do 14 ao 15 de xullo, todos os postos de venda deberán estar desmontados e o seu recinto limpo.

A organización, así como a Policía Local e Protección Civil do Porriño, velará polo estrito e rigoroso cumprimento das presentes bases.





## VII. PUBLICIDADE

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios municipal e na web porrigalia.org.

**Documento asinado dixitalmente na data que se indica á marxe.**





## **POSTOS DE VENDA, TÓMBOLAS, CASETAS OU ATRACCIÓNS EN PORRIGALIA 2024**

### **ANEXO I.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

*(Encher en letra MAIÚSCULA)*

#### **DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:**

NOME OU DENOMINACIÓN

SOCIAL: \_\_\_\_\_

NIF/CIF/NIE: \_\_\_\_\_

ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN: \_\_\_\_\_

TELÉFONO MÓBIL: \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

#### **DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE:**

NOME: \_\_\_\_\_

NIF/CIF/NIE E TÍTULO DE REPRESENTACIÓN: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
SOLICITO O INICIO DO EXPEDIENTE PARA A AUTORIZACIÓN DA OCUPACIÓN  
NA VÍA PÚBLICA DURANTE A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE PORRIGALIA  
QUE SE LEVARÁ A CABO OS DÍAS 12, 13, E 14 DE XULLO DE 2024.

#### **DATOS DO POSTO:**

TIPO DE POSTO:

M<sup>2</sup> DE SUPERFICIE PARA OCUPAR:

TIPO DE MERCADORÍAS PARA VENDER:

O Porriño, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2024

Sinatura da persoa solicitante  
\_\_\_\_\_

#### **DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR COA SOLICITUDE**





1. Copia do DNI ou CIF, segundo o caso.
2. Copia da última cota pagada do réxime de autónomos, se é o caso.
3. Xustificante de que a sociedade/autónomo cumpre coa normativa laboral en referencia ás persoas traballadoras que van atender o posto, se é o caso.
4. Xustificante de alta no IAE.
5. Póliza e recibo de pago do Seguro de Responsabilidade Civil, que debe cubrir a súa participación no Mercado.
6. Declaración responsable de estar ao corrente de pagos no Concello do Porriño, na Axencia Tributaria Estatal, Seguridade Social e Axencia Tributaria Galega.
7. Rexistro sanitario e copia da documentación que acredite estar autorizado/a para a elaboración e manipulación de alimentos, se é o caso.

### **PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

O Responsable dos datos contidos no documento é o Concello do Porriño, a finalidade do tratamento é a de atender e xestionar a súa solicitude en relación coas bases de funcionamento dos postos de venda, tómbolas, casetas ou atraccións de Porrhigalia; así como proceder coa liquidación da taxa pública no seu caso. A base do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos atribuídos ao responsable do tratamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Os datos conservaranse mentres se manteña a finalidade, sen prexuízo dos prazos de prescrición legal. Os seus datos non serán cedidos a terceiros, salvo as que correspondan legalmente. Non haberá transferencia internacional de datos nin se elaborarán perfís. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, se corresponde, en [dpd@oporriño.org](mailto:dpd@oporriño.org). Pode consultar co noso Delegado de Protección de datos e/o solicitar máis información na mesma dirección. Pode acudir ante a autoridade de control [www.aepd.es](http://www.aepd.es).

